



BOP

DEPUTACIÓN DE LUGO

VENRES, 9 DE OUTUBRO DE 2020

N.º 232

boletin@deputacionlugo.org
www.deputacionlugo.gal

Dep. Legal: LU-1-1968

Administración: San Marcos, 8 - 27001 Lugo
Tel.: 982 260 124/25/26 - Fax: 982 260 205

CONCELLOS

ALFOZ

Anuncio

Aprobada inicialmente a Ordenanza reguladora do prezo público de actividades deportivas, educativas, culturais, sociais e análogas do Concello de Alfoz, por Acordo do Pleno de data 25 de setembro de 2020 , de conformidade cos artigos 49 e 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e 56 do Texto Refundido de Réxime Local, sométese a información pública polo prazo de trinta días, a contar desde día seguinte á inserción deste anuncio en o *Boletín Oficial da Provincia* para que poida ser examinada e presentar as reclamacións que se estimen oportunas.

Durante devandito prazo poderá ser examinado por calquera interesado nas dependencias municipais para que se formulen as alegacións que se estimen pertinentes. Así mesmo, estará a disposición dos interesados na sede electrónica deste Concello [<http://concellodealfoz.sedelectronica.es>].

No caso de non presentarse reclamacións no citado prazo, entenderase definitivamente aprobado o Acordo de aprobación da mencionada Ordenanza.

Alfoz, 30 de setembro de 2020.- O Alcalde, Jorge Val Diaz.

R. 2335

Anuncio

O Pleno deste Concello, en sesión ordinaria celebrada o día 25 de setembro de 2020, acordou a aprobación provisional da Ordenanza fiscal reguladora da taxa por expedición de documentos administrativos e outros servizos municipais.

E en cumprimento do disposto no artigo 17.2 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, sométese o expediente a información pública polo prazo de trinta días a contar desde o día seguinte da inserción deste anuncio en o *Boletín Oficial da Provincia*, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas.

Durante devandito prazo poderá ser examinado por calquera interesado nas dependencias municipais para que se formulen as alegacións que se estimen pertinentes. Así mesmo, estará a disposición dos interesados na sede electrónica deste Concello.

Se transcorrido devandito prazo non se presentaron reclamacións, considerarase aprobado definitivamente devandito Acordo.

Alfoz, 01 de outubro de 2020.- O Alcalde, Jorge Val Diaz.

R. 2336

Anuncio

Aprobado inicialmente en sesión ordinaria de Pleno deste Concello, de data 25 de setembro de 2020 a modificación puntual da base 33 das Bases de Execución do orzamento de 2020 (importe subvención nominativa AMPA de 600 a 700 euros) , con arranxo ao previsto no artigo 169 do Texto Refundido da lei Reguladora de Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo e o artigo 20 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, exponse ao público o expediente e a documentación preceptiva por prazo de quince días desde a publicación deste anuncio, aos efectos de reclamacións e alegacións.

Durante devandito prazo poderá ser examinado por calquera interesado nas dependencias municipais para que se formulen as alegacións que se estimen pertinentes. Así mesmo, estará a disposición dos interesados na sede electrónica deste Concello

De conformidade co acordo adoptado a modificación puntual da Base 33 considerarase definitivamente aprobada, se durante o citado prazo non presenten reclamacións.

Alfoz, 1 de outubro de 2020.- O Alcalde, Jorge Val Diaz.

R. 2337

BALEIRA

Anuncio

O Sr. Alcalde do Concello de Baleira en data 30/09/2020 aprobou os padróns das taxas pola prestación do servicio de abastecemento de auga, recollida de lixo, taxa de alcantarillado e canon da auga correspondentes ó **4º bimestre do 2020**. Durante o prazo de 15 días os padróns estarán expostos ao público nestas oficinas municipais para o seu exame e posibles reclamacións.

Contra o acordo de aprobación do referido padrón e as liquidacións incorporadas a el poderase interpor recurso de reposición ante O Sr. Alcalde, no prazo dun mes dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no BOP. Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición poderá interporse recurso contencioso administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdicción. A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante a Xunta Superior de Facenda (Consellería de Facenda) no prazo de un mes dende a presente publicación.

De conformidade co disposto no artigo 62.3 da Lei xeral tributaria e o no artigo 68.1 b) do Regulamento xeral de recadación, fíxase como prazo de ingreso en período voluntario o comprendido entre o 01/10/2020 e 30/11/2020 ámbolos dous inclusive. Aos contribuíntes que teñan domiciliados os recibos seránllles cargados nas súas respectivas contas bancarias a partir do día 01/10/2020. Ao resto dos contribuíntes deberán acudir ás oficinas municipais onde se lles facilitarán os correspondentes recibos para efectuar o pago.

Transcorrido o prazo de ingreso en período voluntario as débedas serán esixidas por vía de constrinximento (**no caso do canon da auga pola Consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia**) e devengarán os correspondentes recargos do período executivo, xuros de demora e, no seu caso, costas que se produzan.

Publica-la aprobación do padrón e o anuncio de cobranza no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e Taboleiro de Edictos do Concello. Ao amparo do artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria, a publicación terá os efectos de notificación colectiva das respectivas liquidacións tributarias de cada un dos suxeitos pasivos.

Baleira, 30 de setembro de 2020- O Alcalde, Ángel Enrique Martínez-Puga López.

R. 2338

BARALLA

Anuncio

En sesión plenaria de data 24 de setembro de 2020 aprobouse inicialmente a modificación da Ordenanza fiscal reguladora do prezo público pola prestación do Servizo do Punto de Atención á Infancia do Concello de Baralla.

De conformidade co disposto no artigo 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, sométese a información pública e audiencia dos interesados polo prazo de trinta días hábiles, contados a partir do seguinte ao da inserción do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo aos efectos de reclamacións e suxerencias.

No caso de non presentarse ningunha, entenderase definitivamente aprobada a ordenanza citada, que entrará en vigor unha vez publicado o texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, conforme ao disposto no artigo 70 da Lei 7/1985 de 2 de abril.

Baralla, 29 de setembro de 2020.- O alcalde, Miguel González Piñeiro.

R. 2339

Anuncio

Aprobado polo Pleno desta Corporación, en sesión de 24 de setembro de 2020 o expediente de modificación de créditos número 12/2020, dentro do vixente presupuesto municipal, por importe de 60.600 euros, e dando cumprimento ao establecido nos artigos 169 e 177 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, Real Decreto Lexislativo 2/2004, exponse ao público, polo prazo de quince días hábiles, na Secretaría deste Concello, a fin de que durante o mesmo, que empezará a contar desde o día seguinte ao da inserción do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes, as cales deberán ser dirixidas ao Sr. Alcalde - Presidente deste Concello.

Baralla, 29 de setembro de 2020.- O alcalde, Miguel González Piñeiro.

R. 2340

BECERREÁ

Anuncio

EXPOSICIÓN AO PÚBLICO

Por Decreto da Alcaldía de data 29/09/2020, prestouse aprobación inicial ao padrón correspondente ao mes de setembro do 2020 da taxa pola prestación do servicio de Gardería Infantil.

Conforme ao disposto no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria, por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pago da taxa, que disponen dun prazo de quince días, contados a partir da publicación do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, ao obxecto de que poidan ser examinados e presenta-las reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación contra os mesmos.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 253.1 da Lei Xeral Tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición ante a Alcaldía no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao da finalización do período voluntario de pagamento.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdicción.

Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

ANUNCIO DE COBRANZA

De conformidade co disposto no artigos 24 e 25 do Regulamento xeral de recadación (R.D. 939/2005), do 29 de xullo, fíxase como prazo de ingreso, en período voluntario, ata o 30/11/2020. Para o cobro dos mesmos, os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes seránllas cargados nas contas bancarias respectivas.

Para o resto dos contribuíntes, os recibos seránllas enviados ó enderezo declarado do suxeito pasivo por correo ordinario para que poidan efectúa-lo pago en calquera oficina de Abanca. No caso de non recibilos, obrigado ó pagamento deberá personarse nas oficinas municipais para obter un duplicado xa que a súa non recepción no domicilio non exonera da obriga de pagamento nin impide a utilización da vía de conxinximento.

Transcorrido o prazo de pago en período voluntario, iniciarase o período executivo que determina a esixencia dos xuros de demora e dos recargos do período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, e no seu caso das costas do procedemento de conxinximento; de acordo co establecido no artigo 161 de dita Lei, procederase á súa recadación pola vía administrativa de conxinximento, segundo o preceptuado no Regulamento Xeral de Recadación. O recargo será do 5 por 100 cando a débeda non ingresada en período voluntario se satisfaga na súa totalidade antes da notificación ao debedor da providencia de apremio, de acordo co previsto no artigo 28.2 da Lei 58/2003, Xeral Tributaria, para o que deberán acudir ás oficinas municipais para o selado dos correspondentes recibos.

A presente publicación, nos dous supostos, de edicto de exposición ao público dos padróns e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao amparo do establecido no artigo 102 da indicada Lei Xeral Tributaria.

Becerreá, 30 de setembro de 2020.- O Alcalde, Manuel Martínez Núñez.

R. 2341

BEGONTE

Anuncio

No Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Lugo, tramítase o recurso Procedemento Ordinario 0000167 / 2020 C, interposto por Angel Paz Sánchez, José Ramón Montes Eimil, Eva González Comba, Laura González Comba e Aurora Díaz Castro, contra a desestimación presunta do Concello da solicitude formulada con data 11 de decembro de 2019, de recuperación de camiño en Pacios.

Notifícase para xeral coñecemento de todas as persoas interesadas no procedemento, que son emprazadas para que poidan comparecer no xulgado como demandadas no prazo de 9 días, de conformidade co establecido no art. 49, da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

Begonte, 1 de Outubro de 2020.- O alcalde, José Ulla Rocha.

R. 2342

Anuncio

Aprobado polo Pleno desta Corporación, na sesión ordinaria celebrada o día 18 de setembro de 2020, o expediente de modificación de créditos númeru 12 /2020, (2º de competencia do Pleno), dentro do vixente Presuposto municipal e con modificación do anexo de investimentos, por un importe total de Setenta e dous mil trescentos (72.300,00) euros , en cumprimento do disposto no artigo 117.2 en relación co 169 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, expõense ao público polo prazo de quince días hábiles, na Secretaría deste Concello, a fin de que durante o mesmo, que empezará a contarse dende o día seguinte ao da inserción do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes, as que deberán ser dirixidas ao Sr. Alcalde- Presidente deste Concello.

O que se fai público para xeral coñecemento e efectos.

Begonte, 18 de setembro de 2020.- O Alcalde, José Ulla Rocha.

R. 2368

FRIOL*Anuncio*

Polo Pleno do Concello, en sesión ordinaria celebrada o día 24 de setembro de 2020, prestouse aprobación ao expediente de modificación de créditos número 10/2020, (terceiro de competencia do Pleno), para transferencias de crédito e maiores ingresos sobre os inicialmente previstos, dentro do vixente orzamento municipal, e por un importe de noventa mil euros (90.000,00 €).

Modifícase o Anexo de inversións do vixente Orzamento.

Cumprindo o disposto no artigo 177.2 en relación co 169.1 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, expõense ao público polo prazo de quince días hábiles, na Secretaría do Concello, co fin de que durante o mesmo (que se contará a partir do seguinte ao da inserción do Edicto no Boletín Oficial da Provincia) poidan formularse as reclamacións que se consideren oportunas, que se deberán dirixir ao Alcalde-Presidente do Concello.

Friol, 1 de outubro de 2020.- O Alcalde, José Ángel Santos Sánchez.

R. 2343

Anuncio

Segundo acordo da Xunta de Goberno de data 28 de Setembro de 2020, anúnciase convocatoria pública, en orde á adxudicación do espazo vacante, nave número 3, para viveiro de empresas, na nave de usos múltiples do Parque Empresarial. Elo, de conformidade co disposto nas ordenanzas, aprobadas polo Pleno do Concello, na sesión do trece de marzo de 2017. Unha vez tramitadas as mesmas, de conformidade co disposto na lexislación vixente o acordo de aprobación e o texto dos mesmos publicouse no BOP núm 117 de 24 de maio de 2017.

1.- ENTIDADE ADXUDICATARIA.- Concello de Friol. Dependencia: Secretaría-Intervención

2.- OBXECTO, BENEFICIARIOS E DURACIÓN.-

a)Obxecto: adxudicación dun espazo do viveiro, efectuada polo órgano competente para a súa resolución. Trátase dunha nave industrial para utilización como viveiro de empresas, coa seguinte superficie:

- Nave 3: 354,50 m² construídos, superficie útil 363,40 m², distribuídos en 262,23 m² de planta baixa e 68,35 m² de planta alta.

- As superficies comúns son as correspondentes a parte da parcela non edificada, ou sexa 591 m²

- A Nave número 3 deberá satisfacer un prezo público de 145,36 € (Máis o I.V.E. correspondente

b) **Beneficiarios** :Poderán ser beneficiarios/as os/as emprendedores/as, ben autónomos/as ou empresas que cumpran os seguintes requisitos:

- Empresas que áinda non se constituíran, pero que prevean facelo no prazo máximo de 3 meses.

- Empresas constituídas en menos de 6 meses dende a data de solicitude de acollemento. Considerarase como data de inicio a data que figura no modelo 037 da Axencia Estatal da Administración Tributaria.

- Deberán ter enderezo social e fiscal no Concello de Friol.

A solicitude, farase segundo o modelo normalizado, que se publica no Anexo. Coa solicitude achegarase á seguinte documentación, referida tanto ao emprendedor/a como aos eventuais socios partícipes ou integrantes:

- Memoria descriptiva da actividade que se pretende desenvolver, que avale a súa viabilidade económica e técnica, debendo desenvolver unha actividade de carácter industrial, compatible coas características do espazo físico do viveiro e as ordenanzas reguladoras do parque empresarial.

- Fotocopia do DNI

- Currículum vitae

- Vida laboral.

- Acreditación de estar ao corrente do cumprimento das súas obrigas tributarias coa facenda estatal, autonómica, e local, así como coa Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes

A solicitude soamente poderá estar subscrita por un emprendedor/a, que será que o que asuma fronte ao Concello o réxime de dereitos e obrigas. No entanto o emprendedor/a poderá incluir no seu proxecto outros socios, partícipes ou integrantes do negocio, que deberán ser perfectamente identificados. No caso de resultar seleccionado o proxecto, os socios ou partícipes no negocio deberán asinar o contrato de cesión do uso, xunto co emprendedor principal en sinal de aceptación conxunta e solidaria do seu réxime de dereitos, obrigas e deberes.

Os/as interesados/as poderán engadir, achegar ou cumplimentar calquera documento, plano, bosquexo ou semellante que consideren oportuno e que permita unha mellor valoración da súa idea empresarial.

Os/as solicitantes ademais de acreditar as circunstancias de carácter administrativo pertinentes, deberán presentar o seu proxecto empresarial que comprenderá polo menos os contidos do plan de empresa. Ademais, nas solicitudes deberá sinalarse, por orde de preferencia, todos os espazos dispoñibles. En caso de non estar dispoñibles os sinalados en primeiro lugar polas empresas seleccionadas, poñeranse a disposición do/a adxudicatario/a as restantes, ás que se optará por orde de prelación segundo o baremo resultante.

No caso de empresas que non comezasen a súa actividade, a data prevista de inicio non poderá superar 3 meses desde a data de notificación da adxudicación da nave, excepto nos casos que estean pendentes de trámites que non se retrasen por causas imputables aos/as solicitantes. En ningún caso se tramitarán as solicitudes, nas que a data prevista de inicio supere o prazo indicado. Con carácter xeral, establecese un compromiso de ocupación e inicio da actividade no prazo de un mes, a partir da notificación da adxudicación do local, exceptuando os casos que estean pendentes de trámites que non se retrasen por causas imputables aos/as solicitantes.

De ser o caso, será de aplicación o previsto no art. 68 da lei 39/2015 de procedemento administrativo, sobre subsanación e mellora da solicitude. Ademais, poderase requerir aos solicitantes cantos documentos, datos e aclaracións sexan precisos para a correcta valoración do proxecto empresarial presentado.

c) Duración: O prazo máximo do contrato será de 12 meses prorrogables por outros 12, despois de un acordo por escrito, formalizándose as ampliacións do período de estancia, mediante anexo ao contrato subscrito inicialmente.

Non obstante o disposto, co fin de apoiar a aquelas empresas que necesiten algúns tempo máis para a consolidación do seu negocio, excepcional e xustificadamente, poderá incrementarse o prazo, ata un máximo ata o máximo de un ano mais, sempre que non exista lista de espera, previa solicitude e formalización do/a interesado/a, que formulará cunha antelación mínima de tres meses á conclusión do prazo inicialmente establecido. Será obxecto de estudio polo órgano de selección, logo dos informes que estime pertinentes elevará proposta sobre a necesidade de ampliación temporal, ao órgano competente para a resolución, que o fará dun xeito motivado. En ningún caso se lles admitirá ás empresas unha estancia superior a tres anos, incluída a prorroga.

3.- TRAMITACIÓN, PROCEDIMENTO E CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN.

a) Tramitación: Ordinaria.

b) Procedemento: Aberto con varios criterios, de conformidade coa cláusula 11 da ordenanza reguladora:

- Viabilidade técnica e económica da actividade: 5 puntos.

- Nivel de creación de emprego: 1 punto por contrato, ata un máximo de 5 puntos.

- Empresa nova: 3 puntos.

- Empresa recente: Ata tres meses 2 puntos; a partires de 3 e ata 6 meses 1,5 puntos.

- Promotores veciños de Friol 2 puntos, de concellos limítrofes 1 punto.

- Promotores en situación de desemprego: 1 punto.

- Promotores desempregados de longa duración, colectivos con especial dificultade de inserción no mercado laboral, mozos menores de 30 anos, mulleres maiores de 45 anos e colectivos en exclusión social: 1 punto.

As solicitudes que cumprindo os requisitos non fosen seleccionadas, pasarán a formar parte dunha lista de espera que se aplicarán no caso de vacantes. A lista de espera terá validez por 24 meses.

4.- PREZO A SATISFACER.-As tarifas ás que se refire o artigo anterior estructuránse do seixo seguinte:

- Para o caso de utilización e aproveitamento dos locais do viveiro municipal, as empresas que resulten adxudicatarias dos locais que se pon a súa disposición conforme ás normas e procedemento establecidas na normativa reguladora do viveiro, o importe será o resultante de aplicar a conta de 0.4€/m² útiles por cada mes.
- En todo caso, ao importe das tarifas establecidas aplicárselles o Imposto sobre o Valor engadido correspondente de acordo coa lexislación vixente.

No caso de que o inicio da ocupación non coincida co inicio do mes, prorrataearase o importe da mensualidade segundo os días efectivos da ocupación, considerando os meses de 30 días naturais. Todo elo, sen prexuízo do pago pola súa conta dos recibos correspondentes de auga, lixo, saneamento, enerxía eléctrica etc. e calquera outro gasto de funcionamento.

5.- GARANTÍAS.-Unha vez notificada a adxudicación do espazo a un proxecto empresarial, o/a adxudicatario/a realizará as xestións pertinentes en orde á obtención de licenza ou comunicación previa e subscribirá un contrato, que conterá os dereitos e obrigas de ambas as partes e que se desenvolverá o establecido nesta ordenanza.

O prazo máximo para a sinatura do contrato, será de quince días desde a obtención da licenza, ou comunicación previa, debendo presentar a garantía e realizarse a ocupación do local adxudicado no prazo máximo de un mes, dese a sinatura do contrato. Dende o momento da ocupación, nacerá a obriga do pago do prezo público.

Deberán prestar garantía en metálico por importe equivalente a dúas mensualidades do prezo establecido polo uso dos respectivos espazos. A súa devolución, realizarase no prazo máximo de 6 meses, dende que finalice a utilización do espazo.

6.- PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.-

a) Data límite: 30 días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo de 9 a 15 horas.

b) Documentación: A esixida na ordenanza reguladora.

c) Lugar: Rexistro Xeral do Concello de Friol ou por calquera xeito dos previstos na Lexislación de Procedemento Administrativo art. 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común.

7.- APERTURA DE SOLICITUDES.- Segundo o disposto, ao órgano de selección, ademais da elaboración do informe de avaliación das solicitudes, compételle a xestión de todas as incidencias e asuntos realizados co procedemento de selección dos proxectos empresariais, podendo solicitar cants informes considere necesarios. A Alcaldía publicará a designación nominal na web do concello e no taboleiro de anuncios, a designación nominal dos membros, así como as datas nas que proceda reunirse para a valoración da documentación e proposta de adxudicación.**8.- OBTENCIÓN DE INFORMACIÓN E DOCUMENTACIÓN:**

a) Concello de Friol.- Praza de España, 4. Código Postal 27220 b) Teléfono: 982375001.- Fax: 982375206

c) Na Sede Electrónica do Concello de Friol: <https://friol.sedelectronica.gal>

d) En todo o que non se contemple no presente anuncio, estarase ao disposto nas ordenanzas reguladora e fiscal, aprobadas polo Pleno do Concello, así como á lexislación vixente ao respecto.

ANEXO.-MODELO DE SOLICITUDE

D. _____, con DNI n.º _____, con enderezo a efectos de notificacións en _____, _____, n.º ___, correo electrónico_____ en nome propio/en representación de _____, con CIF n.º _____, a efectos da súa participación na convocatoria realizada polo Concello de Friol para a utilización de nave do viveiro de empresas xestionado polo Concello, para a súa utilización na actividade de

DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE:

PRIMEIRO. Que se dispón a participar na convocatoria realizada polo Concello de Friol para a utilización de nave do viveiro de empresas xestionado polo Concello de Friol, mediante cesión temporal d o seguinte espazos.

SEGUNDO. Que cumpre con todos os requisitos previos esixidos pola normativa reguladora aprobada polo Concello de Friol.

TERCEIRO.- Que posúe capacidade de obrar, e terán o seu enderezo social e fiscal no concello de Friol, non estando incuso en prohibición ou compatibilidade para contratar das recollidas no artigo 60 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público e encóntrase ao corrente do cumprimento das súas obrigacións tributarias coa facenda estatal, autonómica, e local, así como coa Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes.

CUARTO.- Que acredita a posesión e validez da documentación que adxunta a presente solicitude, esixida pola normativa reguladora, acompañando en concreto:

- Memoria descriptiva da actividade que se pretende desenvolver.
 - Copia do DNI
 - Curriculum vitae e vida laboral
 - Acreditación de estar ao corrente do cumprimento das súas obligacións tributarias coa facenda estatal, autonómica, e local, así como coa Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes.
 - Proxecto empresarial da actividade a realizar.
- QUINTO.-** Que acepta expresamente o establecido nas bases reguladoras da convocatoria e se compromete expresamente ao cumprimento das disposicións polas que o Concello de Friol regula o funcionamento do viveiro de empresas, así como a satisfacer o prezo público establecido na ordenanza reguladora.

-SÉXTO.- Que se somete á Xurisdición dos Xulgados e Tribunais españois de calquera orde correspondentes ao enderezo procesual do Concello, para todas as incidencias que de modo directo ou indirecto puidesen xurdir do contrato, con renuncia, no seu caso, ao foro xurisdiccional estranxeiro que

puidese corresponder ao licitador. (No caso de empresas estranxeiras).

--SÉTIMO.-Que o enderezo de correo electrónico en que efectuar notificacións é _____.

Polo tanto **SOLICITO** ser admitido á convocatoria pública do espazo do viveiro de empresas.

E para que conste, asino a presente declaración.

En _____, a ____ de ____ de 20__. Sinatura do declarante,

Friol, 01 de Outubro de 2020.- O Alcalde, José Ángel Santos Sánchez.

R. 2344

OUROL

Anuncio

EXPOSICIÓN AO PÚBLICO

A Xunta de Goberno Local do Concello de Ourol, en sesión extraordinaria celebrada o día 24 de setembro de 2020, prestou aprobación aos seguinte Padrón:

- Padrón da TAXA de AUGA correspondente ao 1º TRIMESTRE de 2020.

Consonte ao disposto no artigo 102.3 da Lei xeral tributaria, por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pagamento do prezo público, que disponen dun prazo de **15 días**, contados a partir da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, ao obxecto de que poidan ser examinados e presentar as reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 223.1 da Lei xeral tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición perante o órgano que o aprobou, no prazo **dun mes**, que comezará a contar dende o día seguinte ao do remate do período voluntario de pagamento.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei reguladora da referida xurisdicción.

Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo **dun mes** dende que se entenda producida a notificación.

ANUNCIO DE COBRANZA

De conformidade co disposto nos artigos 24 e 25 do Regulamento xeral de recadación (R.D. 939/2005), do 29 de xullo, **fixase como prazo de ingreso en período voluntario** dous meses, a contar **dende o 02 de novembro de 2020 ata o 31 de decembro de 2020, ambos inclusive.**

Para o cobramento dos mesmos, os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes seránllas cargados nas contas bancarias respectivas. Para os demais contribuíntes os recibos poranse á súa disposición nas oficinas municipais para efectuar o pago.

A falta de pago do canon da auga da Xunta de Galicia no período voluntario sinalado suporá a esixencia do mesmo directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola Consellería de Facenda da Xunta de Galicia.

Transcorrido o prazo de pagamento en período voluntario, iniciarase o período executivo que determina a esixencia dos xuros de demora e dos recargos do período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria, e no seu caso das costas do procedemento de constrinximento; de acordo co establecido no artigo 161 de dita Lei, procederase á súa recadación pola vía administrativa de constrinximento, segundo o preceptuado no Regulamento xeral de recadación. O recargo será do 5 por 100 cando a débeda non ingresada en período voluntario se satisfaga na súa totalidade antes da notificación ao debedor da providencia de apremo, de acordo co previsto no artigo 28.2 da Lei 58/2003, xeral tributaria, para o que deberán acudir ás oficinas municipais para o selado dos correspondentes recibos.

A presente publicación, nos dous supostos, de edicto de exposición ao público do padrón e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao abeiro do establecido no artigo 102 da referida Lei xeral tributaria.

Ourol, 30 de setembro de 2020.- O Alcalde, José Luis Pajón Camba.

R. 2345

RIBADEO

Anuncio

ANUNCIO DE APROBACIÓN INICIAL. MODIFICACIÓN DE CRÉDITO 25/2020.

SUPLEMENTO DE CRÉDITO PARA AMORTIZACIÓN DE DÉBEDA

O Pleno do Concello de Ribadeo, en sesión que se levou a cabo o día 24/09/2020, acordou a aprobación inicial do expediente de modificación de créditos núm. 25/2020 do orzamento en vigor, na modalidade de suplemento de crédito financiado co remanente líquido de tesourería, para amortización de débeda, pola cantidade de 311.200,00 euros.

En cumprimento do disposto no artigo 169.1, por remisión do 177.2, do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto 2/2004, do 5 de marzo, sométese o expediente á exposición pública durante o prazo de quince días, contados desde o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que consideren oportunas.

Se unha vez transcorrido ese prazo non se presentan alegacións, considerarase aprobado definitivamente o dito acordo.

Ribadeo, 1 de outubro de 2020.- O alcalde Fernando Suárez Barcia.

R. 2346

ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA

TRIBUNAL SUPERIOR DE XUSTIZA DE GALICIA. SECRETARÍA DE GOBIERNO

Anuncio

A Comisión da Sala de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, na súa xuntanza do día **25 de setembro de 2020**, acordou nomear, por un período de catro anos, o xuíz de paz titular e/ou substituto dos concellos desta Comunidade Autónoma que máis abaixo se indican e para as localidades que igualmente se relacionan, este/s foi/foiron elixido/s polo Pleno do/s dito/s Concello/s con obtención do voto favorable da maioría absoluta dos seus membros.

CASTRO DE REI: substituto: DON JOSÉ ANTONIO DOCANDO PICOS. DNI 33316485L.

Contra este acordo poderán os interesados presentar recurso de Alzada perante o Consello Xeral do Poder Judicial no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da publicación deste edicto.

Os nomeados deberán tomar posesión, no xulgado de paz para o que se nomean e ante a persoa que estiver exercendo a xurisdición, no prazo de 20 días naturais contados a partir do siguiente ao da publicación do seu nomeamento no Boletín Oficial da Provincia respectiva, despois de xuramento ou promesa ante o xuíz de primeira instancia e instrución respectivo na forma que establece o artigo 101.5 da Lei Orgánica do Poder Xudicial.

Aqueles xuíces de paz nomeados que estean incursos nalgúnha incompatibilidade deberán optar dentro do prazo de oito días pola praza que lles interese.

A Coruña, 28 de setembro de 2020.- A SECRETARÍA DE GOBIERNO.-Concepción Otero Piñeiro.

R. 2347

XULGADO DO SOCIAL N.º 3 LUGO

Anuncio

/Dª MARIA DE LOS ANGELES LOPEZ CARBALLO, LETRADO DE LA ADMINISTRACIÓN DE JUSTICIA DEL JUZGADO DE LO SOCIAL NÚMERO 003 DE LUGO.

HAGO SABER: Que por resolución dictada en el día de la fecha, en el proceso seguido a instancia de D/Dª MADALENA CONCEIÇÃO MOREIRA DA COSTA contra ABRITE INTEGRACION S L, en reclamación por ORDINARIO, registrado con el nº PROCEDIMIENTO ORDINARIO 0000307 /2020 se ha acordado, en cumplimiento de lo que dispone el artículo 59 de la LJS, citar a ABRITE INTEGRACION S L, en ignorado paradero, a fin de que comparezca el día 31/5/2022 a las 10:10 horas, en Planta 4 - Sala 8 - Edif. Xulgados, para la celebración de los actos de conciliación y en su caso juicio a las 10.20 horas pudiendo comparecer personalmente o mediante persona legalmente apoderada, y que deberá acudir con todos los medios de prueba de que intente valerse, con la advertencia de que es única convocatoria y que dichos actos no se suspenderán por falta injustificada de asistencia.

Se advierte al destinatario que las siguientes comunicaciones se harán fijando copia de la resolución o de la cédula en el tablón de anuncios de la oficina judicial, salvo el supuesto de la comunicación de las resoluciones que deban revestir forma de auto o sentencia, o cuando se trate de emplazamiento.

En caso de que pretenda comparecer al acto del juicio asistido de abogado o representado técnicamente por graduado social colegiado, o representado por procurador, pondrá esta circunstancia en conocimiento del

juzgado o tribunal por escrito, dentro de los dos días siguientes al de su citación para el juicio, con objeto de que, trasladada tal intención al actor, pueda éste estar representado técnicamente por graduado social colegiado, o representado por procurador, designar abogado en otro plazo igual o solicitar su designación a través del turno de oficio. La falta de cumplimiento de estos requisitos supone la renuncia de la parte al derecho de valerse en el acto de juicio de abogado, procurador o graduado social colegiado.

Y para que sirva de citación a **ABRITE INTEGRACION S L**, se expide la presente cédula para su publicación en el Boletín Oficial de la Provincia y colocación en el tablón de anuncios.

LUGO, treinta de septiembre de dos mil veinte.- **EL/LA LETRADO DE LA ADMINISTRACIÓN DE JUSTICIA.**

R. 2348

Anuncio

D/D^a MARIA DE LOS ANGELES LOPEZ CARBALLO, Letrado de la Administración de Justicia del Juzgado de lo Social nº 003 de LUGO, HAGO SABER:

Que en el procedimiento PROCEDIMIENTO ORDINARIO 0000089 /2018 de este Juzgado de lo Social, seguidos a instancia de D/D^a FUNDACION LABORAL DE LA CONSTRUCCION contra la empresa CUARCITAS AVENEIRA SL, sobre procedimiento ORDINARIO, se ha dictado la siguiente resolución, cuya parte dispositiva se adjunta:

Acuerdo: Tener por **desistido** a FUNDACION LABORAL DE LA CONSTRUCCION de su demanda, y una vez firme esta resolución, se archivarán los autos.

Y para que sirva de notificación en legal forma a CUARCITAS AVENEIRA SL, en ignorado paradero, expido la presente para su inserción en el Boletín Oficial de la Provincia de Lugo.

Se advierte al destinatario que las siguientes comunicaciones se harán fijando copia de la resolución o de la cédula en el tablón de anuncios de la Oficina judicial, salvo el supuesto de la comunicación de las resoluciones que deban revestir forma de auto o sentencia, o cuando se trate de emplazamiento.

LUGO, treinta de septiembre de dos mil veinte.-**EL/LA LETRADO DE LA ADMINISTRACIÓN DE JUSTICIA.**

R. 2349

Anuncio

DOÑA MARÍA DE LOS ÁNGELES LÓPEZ CARBALLO, Letrado de la Administración de Justicia del Juzgado de lo Social nº 3 de LUGO, HAGO SABER:

Que en el procedimiento de **EJECUCIÓN DE TÍTULOS JUDICIALES N° 86/2020** de este Juzgado de lo Social, seguido a instancia de **DOÑA SANDRA VÁZQUEZ LÓPEZ** contra la **EMP. "ECOFOREST XINZO, S.L."**, sobre RECLAMACIÓN DE CANTIDAD, se ha dictado DECRETO de fecha 30-09-2020 cuya parte dispositiva es del tenor literal siguiente:

"ACUERDO EL EMBARGO Y RETENCIÓN de los saldos existentes a favor de la empresa ejecutada "ECOFOREST XINZO, S.L." en entidades que figuran en el informe de averiguación patrimonial integral obtenido, y ello en cuanto sea suficiente para cubrir la suma de las cantidades reclamadas y que asciende a **3.501,67 EUROS más el interés del 10% sobre la cantidad de 2.825,24 EUROS, en concepto de principal, más 700,33 EUROS presupuestados prudencialmente para intereses y costas de ejecución**. A tal efecto, se da la oportuna orden a través de la correspondiente aplicación informática.

Notifíquese esta resolución a las partes, haciéndoles saber que en aplicación del mandato contenido en el artículo 53.2 de la LJS, en el primer escrito o comparecencia ante el órgano judicial, las partes o interesados, y en su caso los profesionales designados, señalarán un domicilio y datos completos para la práctica de actos de comunicación. El domicilio y los datos de localización facilitados con tal fin, **surtirán plenos efectos y las notificaciones en ellos intentadas sin efecto serán válidas** hasta tanto no sean facilitados otros datos alternativos, siendo **carga procesal de las partes** y de sus representantes **mantenerlos actualizados**. Asimismo deberán comunicar los cambios relativos a su número de teléfono, fax, dirección electrónica o similares, siempre que estos últimos estén siendo utilizados como instrumentos de comunicación con el Tribunal.

MODO DE IMPUGNACIÓN: Mediante **recurso de reposición** a interponer ante quien dicta esta resolución, en el plazo de **TRES DÍAS** hábiles siguientes a su notificación con expresión de la infracción que a juicio del recurrente contiene la misma, sin que la interposición del recurso tenga efectos suspensivos con respecto a la resolución recurrida.

Así lo manda y firma Doña María Ángeles López Carballo, Letrada de la Administración de Justicia del Juzgado de lo Social número tres de Lugo; doy fe."

Y para que sirva de **NOTIFICACIÓN EN LEGAL FORMA** a la **EMPRESA "ECOFOREST XINZO, S.L."**, en ignorado paradero, expido el presente para su inserción en el Boletín Oficial de LUGO.

Se advierte al destinatario que las siguientes comunicaciones se harán fijando copia de la resolución o de la cédula en el tablón de anuncios de la Oficina judicial, salvo el supuesto de la comunicación de las resoluciones que deban revestir forma de auto o sentencia, o cuando se trate de emplazamiento.

LUGO, treinta de septiembre de dos mil veinte.- **LA LETRADO DE LA ADMINISTRACIÓN DE JUSTICIA.**

R. 2350

COMUNIDADE DE USUARIOS DE AUGAS DE GONDAR

Anuncio

Don Carlos Quiñoá González, como representante de la Comunidad de Usuarios de Aguas de Gondar, por medio de la presente te convocamos, en calidad de usuario de la Comunidad de Usuarios de Aguas de Gondar, a la ASAMBLEA GENERAL que tendrá lugar el 31 de octubre de 2020 a las 10:00 h en 1^a convocatoria y a las 10:30 h en 2^a convocatoria en el local social como viene siendo de costumbre.

ORDEN DEL DÍA

- 1.- Relación e inventariado de usuarios y análisis para la constitución de la comunidad.
- 2.- Nombramiento de miembros para constitución de la Junta Directiva y Jurado.
- 3.- Tramitar la solicitud del C.I.F. en Hacienda.
- 4.- Encargo y redacción de Estatutos.
- 5.- Otros puntos de interés.
- 6.- Ruegos y preguntas.

Gondar, uno de octubre del dos mil veinte.- El representante, Carlos Quiñoá González.

R. 2369

Anuncio

Don Carlos Quiñoá González, como representante de la Comunidad de Usuarios de Aguas de Gondar, por medio de la presente te convocamos, en calidad de usuario de la Comunidad de Usuarios de Aguas de Gondar, a la ASAMBLEA EXTRAORDINARIA que tendrá lugar el 28 de noviembre de 2020 a las 10:00 h en 1^a convocatoria y a las 10:30 h en 2^a convocatoria en el centro social como viene siendo de costumbre.

ORDEN DEL DÍA

- 1.- Lectura y aprobación, si procede, del acta de la última sesión.
- 2.- Lectura y aprobación de los estatutos.
- 3.- Ruegos y preguntas.

Gondar, uno de octubre del dos mil veinte.- El representante, Carlos Quiñoá González.

R. 2370